**Comunidade parroquial**
**San Antonio de Fontiñas**

# PROTOCOLO CATEQUESE PARROQUIA DE FONTIÑAS CURSO 2020-21

## MEDIDAS XERAIS

Durante a catequese con carácter xeral non se poderá acceder as instalacións dos locais da parroquia polo público en xeral.

A catequese é un espazo formativo e comunitario público polo que non se pode fumar nas instalacións e contorna do centro parroquial.

O uso da máscara e o mantemento da distancia de seguridade mínima de 1,5 metros é obrigatorio en todos os espazos e na contorna do centro por parte de todos familias, catequistas, nenos, nenas, mozos, mozas, e adultos en xeral.

## HORARIOS E RESPONSABLES DE CATEQUESE

Este ano **só haberá catequese para os cursos de segundo de primaria, ESO e bacharelato**. A distribución por cursos e catequistas será o seguinte:

| Nivel | CURSO | GRUPO | CATEQUISTA | Nº INSCRITOS | DÍA | HORARIO | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | Entrada | Saída |
| PRIMARIA | SEGUNDO<br>TERCEIRO<br>CUARTO | Único | Dª Jero | 1<br>2<br>1 | Mércores | 18:15 | 18:45 |
| | SEGUNDO | Único | Dª. Carmen Rey | 4 | Domingo | 11:15 | 11:45 |
| | TERCEIRO | A | Dª Elena Millán | 4 | Domingo | 11:00 | 11:30 |
| | | B | Dª Antía Vilas | 4 | Domingo | 11:00 | 11:30 |
| | | C | | 3 | Domingo | 11:00 | 11:30 |
| | | D | | 3 | Domingo | 11:00 | 11:30 |
| | CUARTO | A | Dª Miriam Salmonte? | 4 | Domingo | 11:15 | 11:45 |
| | | B | | 3 | Domingo | 11:15 | 11:45 |
| | QUINTO<br>SEXTO | Único | | 3 | Domingo | 11:15 | 11:45 |
| ESO | PRIMERO | Único | D. Andrés Varela | 3 | Domingo | 11:00 | 11:30 |
| | CUARTO | Único | Dª Miriam Villaverde | 2 | Domingo | 11:00 | 11:30 |
| BACH. | PRIMERO | | | 2 | | | |

## ENTRADAS E SAÍDAS

ENTRADAS: Os de primaria accederán pola porta de abaixo aos salóns parroquiais e dos de ESO pola porta de acceso ao templo. Ningún neno/a entrará dentro ata que as catequistas os recollan fora, polo que se lle solicita a todos os pais, nais ou titores/as que se sexan puntuais tanto na acollida como na saída. SAÍDAS: Os catequistas non subirán os nenos ao templo. Esta farase pola mesma porta de entrada pero as familias deberán esperar fora e ser puntuais.

## OBRIGACIÓNS DOS PAIS, NAI E TITORES

Os responsables legais dos nenos teñen a obriga de coidar e respectar as normas de funcionamento da catequese e de que os seus fillos e fillas tamén o fagan. As familias tomaranlle a temperatura antes de saír da cas. O neno/a que teña febre (a partir de 37,59, tos ou malestar non acudirá á catequese.

Todos os participantes traerán os seus materiais e non poderán prestárllelos a ningún dos seus compañeiros por seguridade.

As familias deberán asinar unha declaración responsable antes de empezar.

Todas as familias deben de cumprimentar todos os datos da matrícula para garantir o contacto de calquera participante. Ademais o medio de comunicación entre as catequistas e as familias será o correo electrónico.

**OS PARTICIPANTES**

Á entrada deberán pór xel hidroalcólico nas mans nos lugares que lles indiquen as catequistas.

Situaranse e sentaranse sempre nos mesmos lugares. Non poderán moverse polo espazo libremente e respectaran en todo momento as normas que as catequistas indiquen. Calquera comportamento que altere o funcionamento será posto en coñecemento das familias. O incumprimento da normativa pode dar lugar a exclusión do neno/a da catequese este curso.

**ESPAZOS**

Todos os espazos estarán correctamente rotulados, para que todos os participantes na catequese saiban cales se poden usar e cales non.




**LOCAIS PARROQUIAIS: Planta Baixa**

**Comunidade parroquial**
**San Antonio de Fontiñas**




**LOCAIS PARROQUIAIS: Primeira planta**

## GRUPOS

Seguindo a normativa vixente ningún grupo de catequese debe de superar ás 10 persoas co catequistas incluído, polo que unha vez rematada a inscrición da catequese poden volver a axustarse os grupos atendendo a este factor. Unha vez constituído un grupo, ningún neno/a poderá cambiar de grupo e deberá respectar o lugar, grupo, e horario asignado. Estamos nun ano moi difícil a nivel de organización e polo tanto solicitamos se respecten as decisións tomadas pola catequista responsable dos seus fillos/as.

## INSCRICIÓN NA CATEQUESE

O período de matrícula esta aberta e farase a través da aplicación informática ata o 31 de outubro. A partir deste momento constituíranse os grupos.

## COMEZO DE CATEQUESE

A catequese **iniciarase o DOMINGO 8 DE NOVEMBRO**, e seguira o calendario escolar.

## A TODA A NOSA COMUNIDADE

Gustaríanos rematar **destacando e agradecendo**, unha vez máis, o **exemplar cumprimento das medidas sanitarias nos espazos do templo por parte de toda a comunidade: avós, mozos, adultos**. Este bo facer estanos permitindo desenvolver con normalidade ás celebracións e confiamos que tamén a catequese maior normalidade posible dentro da excepcionalidade da situación.

**Non podemos baixar a garda e debemos facer por trasladar, ao máximo, estes comportamentos responsables e solidarios ao ámbito privado.** Conter a pandemia e acabar con ela é cousa de todas e todos.

Comunidade parroquial
San Antonio de Fontiñas

**ACEPTACIÓN DE CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN, OBRIGA DE INFORMACIÓN E CONSENTIMENTO INFORMADO PARA PARTICIPAR NA CATEQUESE NO CURSO 2020/21**

**D/Dª ......................................................................................... con DNI/NIE ............................**

**☐ como proxenitor/titor-a da persoa participante (menor de idade):**

**D/Dª ......................................................................................... con DNI/NIE ............................**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CONDICIÓNS DE SAÚDE**

**☐ Declaro que a persoa participante non está diagnosticada de Covid-19, non presenta sintomatoloxía asociada a este virus (tose, febre, dificultade ao respirar, etc.) á data do inicio das actividades da catequese nas que está inscrito/a e que non padece ningunha outra enfermidade contaxiosa.**

**☐ Declaro que a persoa participante non convive con ningún afectado polo Covid-19 nin estivo en contacto estreito nin compartiu espazo sen gardar a distancia interpersoal cunha persoa afectada polo Covid-19, nos 14 días previos á entrada nesta actividade.**

**☐ Comprométome a notificar inmediatamente aos responsables da parroquia calquera problema de saúde vinculado ao COVID-19 durante o transcurso da actividade.**

**DECLARACIÓN DE COÑECEMENTO DOS RISCOS PARA PERSOAS VULNERABLES** ***(marcar no caso de ser ou convivir con PERSOA VULNERABLE: maior de 60 anos/ PE diagnosticada de hipertensión arterial, diabetes, enfermidades cardiovasculares, enfermidades pulmonares crónicas, cáncer, inmunodeficiencias/muller embarazada/ persoa con afecciones médicas anteriores)*****.**

**☐ Sendo, a persoa participante, vulnerable e/ou convivinte cunha persoa vulnerable, declaro que son consciente do risco que corre tanto a persoa vulnerable participante como as persoas vulnerables coas que convive.**

**ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS PERSOAIS DE HIXIENE E PREVENCIÓN FRONTE AO COVID-19**

**☐ Coñezo e acepto as condicións de hixiene e prevención nas que se vai desenvolver a catequese.**

**DECLARACIÓN DE QUE LEU E ACEPTA A INFORMACIÓN PROPORCIONADA POLA ORGANIZACIÓN SOBRE A ADAPTACIÓN DAS ACTIVIDADES AO COVID-19**

**☐ Declaro que coñezo a información de adecuación da actividade ao COVID-19 da entidade responsable da actividade e que teño coñecemento pleno e estou de acordo coas medidas e procedementos que propón.**

**☐ Declaro que coñezo e lin o Protocolo de actuación en casos de emerxencia ou**

Comunidade parroquial
San Antonio de Fontiñas

**CONSENTIMENTO INFORMADO SOBRE COVID-19**

☐ **Declaro que, logo de recibir e ler atentamente a información contida nos documentos anteriores, son consciente dos riscos que implica, para a persoa participante e para as persoas que conviven con el, a participación na actividade no contexto da crise sanitaria provocada polo COVID-19, que asumo baixo a miña propia responsabilidade.**

**En Santiago de Compostela, a……… de…. ………………..de……………..**